



Intervención de posta en valor do conxunto parroquial de San Xoán de Fecha, Santiago de Compostela

Enhancement intervention of the parish set of San Xoán de Fecha, Santiago de Compostela



1. Adro do conxunto parroquial de San Xoán de Fecha

Mónica Abelleira Seoane

Arquitecta Técnica e Mestrado en Rehabilitación Arquitectónica pola UDC
monika.abelleira@gmail.com

Tracería - Revista de Rehabilitación Arquitectónica
ISSN 2444-9547
<http://bit.ly/traceria>
Nº 3 (2017)
Páginas 15-22
Fecha de recepción 31.10.2017
Fecha de aceptación 22.11.2017

Resumo

O conxunto parroquial de San Xoán de Fecha, situado no límite norte da parroquia de Santiago de Compostela, no lugar de A Igrexa, é un claro exemplo de arquitectura relixiosa rural. Destaca a casa reitoral, en ruínas, co o seu singular cargadoiro e o pombal anexo. A finalidade desta intervención é a posta en valor do conxunto parroquial e a súa contorna, xenerando novos usos estreitamente ligados coa preservación e divulgación das potencialidades do lugar. Coa rehabilitación da casa reitoral e a as actuacións nos espazos públicos, perséguese dotar aos veciños de novas zonas de xuntanza e que ao mesmo tempo se convertan nun foco de atracción de visitantes.

Palabras clave

Conxunto parroquial, casa reitoral, rehabilitación.

ANÁLISE PREVIA

San Xoán de Fecha é unha parroquia rural situada no límite norte do Concello de Santiago. O conxunto parroquial atópase no lugar de A Igrexa, a veces chamado equívocamente Fecha. A Igrexa é un pequeno núcleo rural illado que se encontra ao marxe esquerdo do río Tambre, onde este delimita o concello de Santiago e o de Trazo.

Ao lugar de A Igrexa accédese por unha estrada que só chega ata este núcleo rural máis ao veciño de Vilar do Rei (Fig. 3-a). De camiño ao lugar de A Igrexa destaca a presenza do petrogrifo da Pedra que Fala (fig. 3-b),

Abstract


The parish set of San Xoán de Fecha, placed in the north limit of the parish of Santiago de Compostela, in the place of A Igrexa, is a clear example of rural religious architecture. Highlights the rectory house, in ruins, with its singular loading dock and the annex dovecote. The purpose of this intervention is enhance the value of the parish as a whole and its surroundings, generating news uses that are closely linked to its preservation and the disclosure of the local potentials. With the rehabilitation of the rectory house and the performances in the public places, the aim is provide the neighbors of new places of meeting and that at the same time they become a focus of attraction for visitors.

Keywords


Parish set, rectory house, rehabilitation.

un dos vestixios xunto co Castromaior da presenza temprá do home nestas terras.

Esta é unha zona con solo de orixe granítico, como observamos na presenza de penas e bolos na contorna. O núcleo rural sitúase aproveitando a topografía existente, sobre un aterrazamento a media ladeira onde se atopan os prados e terreos de cultivo que permitiron o asentamento no lugar, xunto coa gran presenza de auga con numerosos regatos que discorren cara o río Tambre. Aproveitando o encaixamento do río neste punto construíuse xa a comezos do século XX unha Central Hidroeléctrica (fig. 3-c).



2. Situación de o lugar de A Igrexa, no Concello de Santiago de Compostela



3. Fotografía aérea do emprazamento de A Igrexa, San Xoán de Fecha



4. Fotografía aérea do lugar de A Igrexa, San Xoán de Fecha



5. Lavadoiro na entrada á aldea



6. Camiño de acceso ao conxunto parroquial



7. Fachada principal da casa reitoral co pombal anexo

O lugar de A Igrexa é un asentamento con estrutura tipo pechada, con casas agrupadas entorno ao espazo central que constitúe o conxunto parroquial, formado polo recinto murado (o adro) coa igrexa, o cruceiro e o cemiterio no seu interior, maila casa reitoral que se atopa enfronte.

So existe unha pequena estrada de acceso á aldea (fig. 4-a), e ao chegar case o primeiro que nos atopamos de fronte é o lavadoiro, nunha zona con boas vistas que nos permiten desfrutar da paisaxe da contorna (fig. 4-b). Seguimos o recorrido polo lugar entre casas, alpendres e cubertos ata que divisamos o conxunto parroquial. Dentro do adro (fig. 4-c) atópanse a igrexa, o cruceiro, o cemiterio e tamén unha pequena

edificación auxiliar medio derruída coñecida como a Casa dos Mortos, a cal daba servizo ao cemiterio.

En fronte do adro sitúase a casa reitoral (fig. 4-d), que se encontra en ruínas, destacando na súa fachada o gran dintel con moldura de arco conopial e inscrición con data de 1584, e mailo singular pombal anexo de planta cadrada. Entre o adro e a casa reitoral existe un espazo con grandes afloramentos de granito. E se continuamos o noso recorrido, adentrámonos no núcleo rural, cun gran valor etnográfico (fig. 4-e). A partires deste lugar só parten pequenos camiños que nos levan polos montes e campos da aldea, como o Camiño do Rodeiro, o do Bustelo, o das Lavandeiras ou o da Fábrica.

O valor histórico dos conxuntos parroquias é indubidábel, por ser o espazo de socialización do rural, lugar de xuntanza e centro das parroquias. A igrexa de san Xoán de Fecha foi reconstruída case na súa totalidade no século XVIII, pero na parte leste do adro, detrás da igrexa, atopamos unha zona pavimentada con antigas lápidas medievais, o que demostra a súa existencia séculos atrás, polo menos desde o século XVI como indican os libros de Fábrica consultados e a inscrición do cargadoiro da casa reitoral.



8. Cargadoiro da porta principal da casa reitoral

O lugar de A Igrexa mantén a súa morfoloxía case intacta dende 1956, so apreciándose cambios notables na contorna, con gran diminución dos prados e campos de cultivo e o aumento do monte. Esta alteración da paisaxe é consecuencia da perda e avellentamento da poboación, e o conseguinte abandono das actividades agrícolas e gandeiras tradicionais no medio rural.

Este avance do monte pero sobre todo a falta de mantemento dos mesmos, provoca que se convertan nun polvorín en caso de incendio. Algo que xa ocorreu en varias ocasións, pero con maior intensidade o pasado ano 2016, cando o avance do lume cercou ao núcleo rural e os veciños tiveron que ser desaloxados. Estas situación pon en evidencia o abandono do monte pero principalmente o perigo que poden chegar a correr os veciños, nunha aldea illada e cunha soa estrada de acceso.

AS POTENCIALIDADES DO LUGAR

Polo tanto, o lugar de A Igrexa ten unhas potencialidades que se deben poñer en valor na proposta para a súa intervención, como son: a excepcionalidade do seu valor ambiental, o cal aporta un plus de calidade ao lugar; o seu alto valor paisaxístico, debido ao gran desnivel e ao encaixamento do río neste punto permitindo perspectivas amplias sobre o val; e tamén o interese etnográfico tanto do propio conxunto parroquial como exemplo de arquitectura relixiosa rural, como das vivendas que compoñen o núcleo rural xunto coas construcións adxectivas.

O ÁMBITO DE INTERVENCIÓN

Trala análise previa realizada, establécese a necesidade de definir un ámbito de intervención onde concentrar as propostas para a súa posta en valor. A delimitación desta área non implica que non se poidan realizar actuacións fóra do mesmo, senón ao contrario, xa que os novos usos propostos están estreitamente ligados coa preservación e divulgación das potencialidades do lugar.

Ademais do propio conxunto parroquial, non se entendería a intervención sen actuar tamén na súa contorna. Por esto inclúense no ámbito novos espazos públicos como o entorno do lavadoiro, na zona de entrada a aldea, xunto coa carballeira do Bustelo. Tamén se inclúe a zona libre existente entre o adro e a casa reitoral xunto coa Horta do Cura, integrándose na proposta da propia casa reitoral e vinculando o uso das mesmas.

ESTADO ACTUAL


O ADRO E A IGREXA

Tanto a igrexa como o recinto relixioso atópanse en un estado de conservación regular, anque seguen sendo empregados para o seu uso relixioso. Fai tempo que a igrexa deixou de ser o templo parroquial, pasando a selo a veciña igrexa de Lamascal debido a súa situación máis céntrica na parroquia e a súa mellor comunicación co resto de aldeas.

O estado actual da igrexa é bo en xeral, excepto por algunha sucidade e mofos na fachada e o envellecemento da cuberta. No seu interior, aprécianse algunhas lesións leves na estrutura de madeira da tribuna. O adro ou recinto murado arredor da igrexa tamén se atopa nun estado de conservación bo, sen contar coa construción auxiliar do cemiterio que pola contra se encontra en ruínas e en desuso.

A CASA REITORAL

A casa reitoral de San Xoán de Fecha deixou de exercer a súa función na década de 1960, momento no que o derradeiro párroco que residiu nesta vivenda finou e a casa pasou a estar deshabitada. Dende ese intre a casa quedou abandonada e o tempo pasou inevitablemente por ela, sen ningún arranxo por parte dos propietarios. Na actualidade a casa atópase na ruína total, conservando unicamente os seus muros de fábrica de granito, coa estrutura interior e a cuberta derrubada, cos conseguintes escombros no seu interior e invadida pola maleza.



9. Ámbito de intervención



10. Construción auxiliar do cemiterio



11. Cemiterio na zona sur do adro



12. Vista da casa reitoral dende o campanario



13. O camiño do Rodeiro


O pombal correu a mesma sorte que a casa reitoral e encóntrase en estado de ruína, sendo abandonado incluso antes que a vivenda. O seu estado xeral é peor que o da casa reitoral, xa que ademais de non dispor de cuberta sufriu o derrube parcial dos seus cerramentos.

A CONTORNA


Os poucos habitantes e o avellentamento desta poboación, o abandono da explotación tradicional do medio rural, así como o esquecemento por parte das Administracións, xera unha falla no mantemento da contorna dos núcleos, labor que tradicionalmente levaban a cabo os veciños da aldea. Deste xeito, lugares que noutros tempos eran puntos de xuntanza dos veciños (coma fontes, lavadoiros ou corredoiras), nestes días están absorbidos pola vexetación e nalgún caso nen se pode acceder a eles.

O LEVANTAMENTO GRÁFICO

O seguinte paso consistiu en realizar o levantamento gráfico, base do traballo e parte fundamental para a súa posta en valor, xa que se aporta unha documentación inexistente ate o momento.



14. Levantamento gráfico do interior da igrexa



16. Levantamento gráfico do interior da casa reitoral

O método empregado foi a fotogrametría 3D, con apoio de puntos de control tomados coa estación total láser (GPC's). Con este método creouse un modelo 3D do exterior do templo, xerando unhas ortofotos da construción, tanto en planta como de tódolos alzados, que nos permitiron realizala planimetría do seu estado actual.


Na casa reitoral só se puido realizar a toma de fotografías da fachada principal, tamén a máis importante da construción, xa que é a única accesíbel pola maleza que a rodea.

O acceso ao interior da casa reitoral é moi complicado e algo perigoso, pero puideron obterse as medidas necesarias para completar o levantamento.


PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

O ADRO E A IGREXA

Como parte principal do conxunto parroquial, non podemos esquecer ao adro na nosa intervención. O muro é un elemento clave, xa que delimita o espazo sagrado. Propónse a súa consolidación e recuperación, coa posta en valor de pezas singulares que o



15. Alzados do estado actual da igrexa



17. Alzados traseiro e principal da casa reitoral

compoñen. Tamén se propón un novo pavimento que facilite o acceso á igrexa, con pequenas lousas que discorren polo adro entre os afloramentos de granito, o cruceiro e a lápida da entrada.

A antiga “Casa dos Mortos” seguirá a ser unha edificación auxiliar do adro, rehabilitandoa para o seu uso como espazo de almacenaxe para a igrexa e o cemiterio. Por último intervirase nos pavimentos do cemiterio, prestando especial coidado a limpeza e posta en valor do pavimento na parte detrás da igrexa, formado por antigas lápidas.

Na igrexa, como xa mencionamos no estudo patolóxico, a intervención máis urxente é a substitución do sistema actual de acceso ao campanario, recuperando a volumetría orixinal do templo. Xunto con este novo sistema de acceso, levaranse a cabo a reparación dos elementos de madeira afectados polas filtracións.


Tamén se detectan lesións derivadas de humidades de condensación no seu interior, algo entendible pola escasa ventilación actual do templo e o seu uso moi

ocasional. Por isto propónse un sistema de carpintarías de madeira con vidros solapados que melloran a ventilación do templo.


A CASA REITORAL

A intervención na casa reitoral será a peza clave para a posta en valor do conxunto, cun novo uso que permita crear un espazo de reunión para os veciños e ao mesmo tempo sexa un espazo que atraia visitantes ao lugar. Isto, xunto coas potencialidades da contorna xa mencionadas, lévanos a propoñer o seu uso como “Aula da natureza”.

Así, na zona de cadras situamos un local veciñal, e ao mesmo tempo zona de descanso para visitantes. Entrando pola porta principal, situase o mostrador de recepción e un punto de información do lugar e a súa contorna, así como o núcleo de comunicacións vertical. No quinteiro atopamos os aseos e máis un pequeno armario de instalacións. Na planta alta, accedemos a unha sala de exposicións, que comunica con outra estancia convertida en sala polivalente, xa que permite o seu uso como sala de exposicións complementario, ou como sala de conferencias, de





18. Proposta de intervención no adro



19. Esquema de intervención proposta na igrexa



20. Proposta de rehabilitación da casa reitoral



21. Alzados traseiro e principal da casa reitoral trala proposta

proxección de documentais, etc. No pombal os criterios de intervención baséanse na súa consolidación e reconstrución, empregando os elementos que se atopan derruídos no lugar.

O criterio a seguir na intervención das fachadas da casa reitoral, e non alterar a súa imaxe orixinal, polo que non se abre ningún novo oco e préstase especial atención ao deseño das carpintarías. Así, as portas son de madeira de dobre folla horizontal e nas bufardas da planta baixa disporáanse vidros sen marco polo seu interior. Nas ventás de planta alta aplicarase a solución proposta nas fichas do “Manual de recomendacións para a rehabilitación de vivendas en Galicia”, editado polo IGVS, según a cal consérvase o sistema tradicional de carpintarías de madeira enrasadas ao exterior, mantendo a estética da fachada, e substitúese a contraventá interior por unha ventá de madeira con mellores prestacións térmicas e que incorpore as contras de madeira.


PROPOSTA NA CONTORNA E OS ESPAZOS PÚBLICOS






Como xa se mencionou, a proposta de intervención non tería sentido se non estendera tamén a contorna

do lugar de A Igrexa e os seus espazos públicos. Polo tanto, realizamos unha proposta de intervención sobre os pavimentos do núcleo rural, diferenciando as zonas segundo o tráfico que soportan: así temos a estrada de acceso á aldea, con tránsito principalmente de vehículos, diferenciada do espazo entre as vivendas, onde convive o tráfico rodado co peonil, con preferencia dos peóns. Créanse novas beirarrúas e un espazo de aparcadoiro, e non nos esquecemos dos camiños e corredoiras, que se limparán e consolidarán.

Tamén destacar que na proposta se inclúe un sistema de recollida de pluviais, mediante ríngolas que canalizan esta auga de choiva ata regatos xa existentes.

Respecto aos novos espazos públicos propostos no núcleo rural, comezaremos falando do entorno do lavadoiro. Considerase o lavadoiro unha peza clave do núcleo rural, polo que é necesaria a súa posta en valor, substituíndo a actual cuberta de formigón por un novo sistema máis axeitado, que sen ocultar a modernidade da actuación se integre no conxunto. Tamén se



-  Estrada de acceso (tránsito de vehículos): ampliación da mesma (recollida no PXOM) a un novo ancho de 12 metros, realizada con estallado bituminoso e dotada de sistema de recollida de pluviais mediante cunetas
-  Pavimento dentro do núcleo rural (convivencia de tráfico, con preferencia dos peóns): execución dun novo pavimento de formigón impreso con acabado color area, con bordillos de granito e ríngolas de terrazo ecoGranic
-  Aceras (exclusivo peonil): execución de aceras previstas na ampliación da estrada (establecida no PXOM), con lousas de terrazo ecoGranic, acabado degradado color terra
-  Aparcamento: creación dun espazo de aparcamento, con pavimento formado por pezas prefabricadas de formigón que permiten o crecemento da vexetación
-  Camiños e corredoiras (convivencia peonil, ciclista e vehículos agrarios): mellora e recuperación das corredoiras, aplicando nos lugares deteriorados unha mezcla de terreo existente consolidado con cal

22. Proposta de pavimentos no núcleo rural de A Igrexa e a súa contorna



23. Proposta de intervención no espazo do lavadoiro



24. Nova praza entre a casa reitoral e o adro

incorpora a este espazo a carballeira existente como espazo de mirador e descanso.

O seguinte punto da proposta para este espazo é aproveitar a súa situación na entrada do pobo para crear un aparcadoiro. Isto evitará a presenza continua de vehículos estacionados entre as vivendas do núcleo rural, facilitando tamén a chegada de novos visitantes. O pavimento empregado no aparcadoiro é permeábel e permite crecer a vexetación entre o mesmo, o que evita o efecto de dureza que suporía un pavimento continuo dunha superficie tan grande.

E por último, propónse a creación dunha nova praza “A Praza do Cura”, no espazo libre entre a casa reitoral e o adro. Na actualidade os veciños xa empregan este lugar para pequenas celebracións como a noite de san Xoán. Diante da casa dispónse un novo espazo adoquinado, aproveitando a zona con menos desnivel entre a vivenda e o muro de contención existente. Este espazo exténdese por diante de toda a construción, incluso o pombal, e polo parte sur da vivenda conectando coa Horta traseira.

Para facilitar o acceso a esta praza dispónse unha pasarela de madeira, cunha pendente accesible, e que respecte os afloramentos de granito existentes, pousándose sobre os mesmos e permitindo a reversibilidade da actuación. Do mesmo xeito, as escaleiras plantexadas en puntos estratéxicos,

seguirán o mesmo criterio de non alterar os bolos graníticos do terreo, parecendo pousarse sobre o terreo.

CONCLUSIÓNS

Finalmente, e tralo estudo realizado sobre o conxunto parroquial de San Xoán de Fecha e a súa contorna, chegamos as seguintes conclusións:

- A importancia de realizar o levantamento gráfico do lugar, sendo a base do traballo e aportando unha documentación inexistente ata o momento que permitirá estudar a evolución do conxunto.
- A necesidade de preservar os núcleos rurais como o do lugar de A Igrexa, a súa natureza, a paisaxe, o patrimonio construído e a súa forma de vida xunto coa toponimia do lugar, como parte da nosa cultura.
- O alto valor ambiental que caracteriza a contorna, pero tamén a súa fragilidade, polo que debemos actuar reducindo o risco de incendio e fomentando a volta a vida no rural.
- Para a posta en valor do conxunto parroquial propónse a rehabilitación da casa reitoral, dotándoa de un novo uso que permita ao mesmo tempo ser lugar de encontro para os veciños e foco de atracción para novos visitantes.

Bibliografía

1. Caamaño Suárez, Manuel. *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. (Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 2003).
2. Fernández Madrid, Joaquín, et al., *Rehabilitar: Manual de recomendacións para a rehabilitación de vivendas en Galicia* (Santiago de Compostela : Instituto Galego de Vivenda e Solo, 2017).
3. Sánchez Pardo, José Carlos. *Las iglesias rurales y su papel en la articulación territorial de la Galicia medieval (SS. VI-XIII)* (Mélanges de la Casa de Velázquez, 40-1, 2010), 149-170.

Procedencia de las ilustraciones

Figs. 1, 5, 6, 7, 8, 10, 11, 12 e 13. Fotografías realizadas pola autora entre febreiro e decembro do 2016.

Fig. 2. Folla nº9 da colección *Cartografía de Galicia escala 1:100.000*; fonte: mapas.xunta.es/visores/descargas

Fig. 3. Ortofotografía do PNOA, vos dos anos 2010-2011 (Folla: 0094A-0702); fonte: mapas.xunta.es/visores/descargas

Fig. 4. Fotografía aérea do lugar de A Igrexa; fonte: mapas.xunta.es/visores/descargas

Figs. 9, 14, 15, 16 e 17. Planimetría do estado actual, realizada pola autora.

Figs. 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24. Planimetría da proposta de intervención, realizada pola autora.